



## Concello de Palas de Rei

### ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
PLN/2020/4	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Extraordinaria urgente Motivo: «PUNTO ÚNICO MEDIDAS EXTRAORDINARIAS DE PREVENCIÓN ANTE A PANDEMIA DO CORONAVIRUS»
<b>Data</b>	16/03/2020
<b>Duración</b>	Desde as 14:00 ata as 14:30 horas
<b>Lugar</b>	Dependencias Municipales
<b>Presidida por</b>	PABLO JOSE TABOADA CAMOIRA
<b>Secretario</b>	Celestino Amigo Liñares

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33547519H	ALBA VILLASANTE TORRES	NON
33553158E	ANA MARIA CORREDOIRA VAZQUEZ	SÍ
32441374N	Amando Sande Agra	SÍ
33206921G	Fernando Alfredo Pensado Barbeira	SÍ
33302245Q	Horacio Rouco Ferro	SÍ
33305102K	José Ramón García Vázquez	SÍ
33318023Q	José Ramón López Bruzos	NON
33309657E	José Sabino Prieto Vázquez	SÍ
33334372N	María Aurora Vila Agra	SÍ
33327704Z	PABLO JOSE TABOADA CAMOIRA	SÍ
76583823X	Rodrigo Gonzalez Penas	SÍ

### Concello de Palas de Rei

Avda. de Compostela, 28, Palas de Rei. 27200 (Lugo). Tfno. 982380001. Fax: 982374015



Cod. Validación: 5P7NGYMINSP3RFHCWS7L9F42XIV | Corrección: <https://palasderei.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 19



## Concello de Palas de Rei

### Escusas de asistencia presentadas:

1. ALBA VILLASANTE TORRES:  
«Obrigacións persoais»
1. José Ramón López Bruzos:  
«obrigacións persoais»

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

### A) PARTE RESOLUTIVA

#### **MEDIDAS EXTRAORDINARIAS DE PREVENCIÓN ANTE A PANDEMIA DO CORONAVIRUS Expediente 145/2020. Procedemento Xenérico - Medidas ante o Coronavirus**

O Alcalde dá conta ao Pleno das actuacións precedentes que se relacionan:

#### **Reunión da Xunta de Portavoces**

O 13 de marzo pasado, os portavoces dos grupos políticos municipais Fernando Pensado Barbeira (PP) e Horacio Rouco Ferro (PSOE), celebraron unha reunión, presidida polo Alcalde e coa asistencia do Secretario da Corporación, na que se acordou o seguinte:

Tendo en conta a grave epidemia que se está a producir pola expansión do Coronavirus COVID 19, en harmonía coas medidas adoptadas pola Administración autonómica e estatal e seguindo os criterios e recomendacións difundidos por estas, os asistentes propoñen ao alcalde que proceda a ordenar a suspensión de todos os actos programados para a celebración da tradicional feira do queixo da Ulloa, prevista inicialmente para a última semana do próximo mes de abril.

Malia non estar establecido na orde do día, en atención aos últimos acontecementos e as decisión de peche dos centros escolares acordados pola Xunta de Galicia, os portavoces manifestan o seu parecer favorable con respecto ás seguintes medidas:

- Suspensión inmediata da actividade da Gardería Municipal.
- Suspensión inmediata da actividade do Centro de Día de Palas de Rei.

En ambos casos, a suspensión manterase ata que as autoridades sanitarias competentes declaren superado o risco de expansión da enfermidade. Acordan igualmente por unanimidade que se procedan a reforzar e incrementar as tarefas de limpeza no Centro de Saúde, conforme aos protocolos e directrices que determine o SERGAS.

Finalmente, solicitan ao Alcalde que proceda á convocatoria urxente do Pleno, co obxecto de estudar e decidir todas as medidas complementarias de carácter preventivo que se estimen pertinentes para minimizar os riscos da poboación e atender as situación de necesidade que puideran producirse como consecuencia da epidemia.

**Resolución pola que se ordena o cese de actividade de centros de titularidade municipal.**

### Concello de Palas de Rei

Avda. de Compostela, 28, Palas de Rei. 27200 (Lugo). Tfno. 982380001. Fax: 982374015



Cod. Validación: 5P7NGY/MINSP3RFHCWS7L9F42XW | Corrección: <https://palasderei.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 19



## Concello de Palas de Rei

Na mesma data e en harmonía cos declaracións anteriores, o Alcalde ditou a resolución que literalmente se transcribe:

### DECRETO

A evolución da crise do coronavirus, que xa foi recoñecida como pandemia pola Organización Mundial da Saúde, provocou que as diferentes Administracións Públicas, no ámbito das súas competencias materiais e territoriais, estean adoptando medidas extraordinarias e urxentes para paliar a propagación da enfermidade.

Co obxecto de avaliar coa maior inmediatez posible a situación no que atinxe ao municipio de Palas de Rei, celebrouse nesta mesma data unha reunión da xunta de portavoces dos grupos políticos municipais, os que consensuaron e respaldaron por unanimidade un primeiro paquete de decisións que corresponde executar ao alcalde.

O artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local dispón que o municipio ten competencia, no marco da lexislación autonómica e estatal, nas seguintes materias:

- Avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.
- Protección da salubridade pública.

O artigo 21.1.m) da expresada Lei confire ao alcalde as atribucións precisas para adoptar persoalmente, e baixo súa responsabilidade, en caso de catástrofe ou de infortunios públicos ou grave risco dos mesmos, as medidas necesarias e adecuadas dando conta inmediata ao Pleno.

Á vista da situación de risco social anteriormente descrita e conforme ás atribucións que me confiren as disposicións normativas expresadas, polo presente

### RESOLVO:

PRIMEIRO. Ordenar o cese da actividade da Gardería Municipal desde o próximo luns, 16 de marzo de 2020, ata que se considere superado o risco, de acordo coa información que nos proporcionen as autoridades sanitarias.

SEGUNDO. Ordenar o cese da actividade do Centro de Día de Palas de Rei desde o próximo luns, 16 de marzo de 2020, ata que se considere superado o risco, de acordo coa información que nos proporcionen as autoridades sanitarias.

TERCEIRO. A dirección dos respectivos centros procederá a comunicar de forma individualizada aos pais, tutores e, no seu caso familiares, a presente resolución, deixando debida constancia mediante informe que será remitido ao Alcalde.

CUARTO. O persoal do expresados centros, permanecerá inicialmente nos seus postos de traballo, ata que se determinen as actuacións ou medidas de reforzo que se estimen pertinentes.

QUINTO. A concelleira responsable dos servizos sociais, coa asistencia dos profesionais que prestan o seu servizo nos respectivos centros, avaliará as necesidades extraordinarias que puideran ter os usuarios ou as súas familias, informando ao Alcalde co obxecto de poder adoptar as medidas que resulten procedentes.

### **PROPOSTA INICIAL DO ALCALDE DE PALAS DE REI**

O mesmo día 13 de marzo, o Alcalde procedeu a convocar sesión extraordinaria do Pleno para o día de hoxe, xuntando á convocatoria a seguinte PROPOSTA:

### **ADOPCIÓN DE MEDIDAS PREVENTIVAS ANTE A SITUACIÓN SANITARIA PROVOCADA POLO CORONAVIRUS**

A xestión municipal supón non só atender ao bo funcionamento ordinario dos servizos públicos e a realización de investimentos en infraestruturas, senón tamén anticiparse responsablemente a todas aquelas situacións da nosa contorna que

## Concello de Palas de Rei

Avda. de Compostela, 28, Palas de Rei. 27200 (Lugo). Tfno. 982380001. Fax: 982374015



Cod. Validación: 5PTNGYMINSP3RFHCWS7L9F42XW | Corrección: <https://palasderei.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 19



## Concello de Palas de Rei

constitúan ameazas previsibles ou potenciais para a nosa poboación, articulando medidas preventivas que eviten ou minimicen os efectos dos riscos identificables, no marco das competencias que legalmente nos corresponden.

Máis aló da relativa importancia das cifras e estatísticas que coñecemos en canto á expansión e efectos do Coronavirus, COVID 19, é un feito que o coñecemento científico aínda insuficiente e a súa peculiar forma de expandirse constitúen unha seria ameaza de efectos sociais e económicos impredecibles, polo que mirar para outro lado, ignorar ou minusvalorar esta realidade sería cando menos irresponsable, por non dicir temerario.

No ámbito europeo, a presidenta da Comisión Europea, Ursula von der Leyen, anunciou a creación dun “fondo de resposta” para garantir o funcionamento dos sistemas sanitarios, a liquidez de pequenas e medianas empresas e evitar a deterioración dos mercados laborais. Bruxelas tamén abrirá a man aos países membros nas normas sobre axudas de Estado e nas regras fiscais para que poidan dar apoio ás súas empresas e atender a emerxencia da epidemia. En palabras da propia presidenta: “Usaremos todas as ferramentas á nosa disposición para asegurarnos de que a economía europea resista esta tormenta”.

En similares termos expresouse esta mesma mañá o Presidente do Goberno, anunciando que presentará mañá mesmo o seu plan de choque, habilitando recursos para protexer o benestar das familias traballadoras, facilitando redución xornadas e axudándolles a coidar aos menores, adoptando medidas para protexer o emprego e permitir unha flexibilidade laboral, ademais dun plan de liquidez para as empresas ao e apoio específico para os sectores do turismo e o transporte.

Onte mesmo, o Presidente da Xunta de Galicia trasladou ao Consello Interterritorial as medidas acordadas na reunión da Comisión Interdepartamental para o seguimento do coronavirus e outras enfermidades emerxentes, centradas especialmente na prevención para conter o contaxio do COVID-19.

As situacións extraordinarias requiren medidas igualmente extraordinarias de todas e cada unha das administracións públicas para así configurar unha acción pública eficaz e coordinada.

A Constitución española reconece sen ambaxes o dereito á protección da saúde, así como o dereito á educación, á cultura, ao traballo e mesmo ao lecer. E moi especificamente, no seu artigo 39 establece que os poderes públicos aseguran a protección social, económica e xurídica da familia e aseguran, en particular, a protección integral dos fillos.

O artigo 1 da Lei 7/1985, de 2 de aril, reguladora das Bases do Réxime Local sinala que os Municipios son Entidades básicas da organización territorial do Estado e leitos inmediatos de participación cidadá nos asuntos públicos, que institucionalizan e xestionan con autonomía os intereses propios das correspondentes colectividade.

O artigo da mesma Lei reconece aos municipios, entre outras, a potestade de auto organización, as potestades tributaria e financeira e a potestade de programación ou planificación.

Finalmente, o artigo 25 da repetida Lei dispón que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal e exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, nas seguintes materias:

- Avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.
- Protección da salubridade pública.

Como consecuencia da realidade anteriormente descrita e tendo en conta a

## Concello de Palas de Rei





## Concello de Palas de Rei

habilitación legal expresada, sen prexuízo da necesaria cooperación e coordinación coas demais administracións públicas con competencias concorrentes, propoño ao Pleno a aprobación das medidas extraordinarias que se relacionan no documento anexo, facultando ao Alcalde tan amplamente como sexa preciso para a súa posta en marcha, desenvolvemento dos procedementos administrativos necesarios e autorización dos gastos que as mesmas supoñan, dentro dos límites establecidos no Orzamento Xeral.

### **PROPOSTA COMPLEMENTARIA DO ALCALDE.**

Ante os novos acontecementos producidos desde a hora en que se efectuou a proposta ata o día da sesión, o Alcalde formulaou proposta complementaria da anterior, do seguinte teor literal:

#### ADOPCIÓN DE MEDIDAS PREVENTIVAS ANTE A SITUACIÓN SANITARIA PROVOCADA POLO CORONAVIRUS

##### PROPOSTA COMPLEMENTARIA DA DO 13/03/2020

O pasado día 13 do actual, o Alcalde redactou a proposta de medidas preventivas ante a situación sanitaria provocada polo COVID 19.

Nesa mesma data e os días seguintes producíronse as seguintes actuacións da Administración do Estado e da Xunta de Galicia:

- [-] [-] Administración do Estado:
  - [-] [-] [-] [-] Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, por el que se declara el estado de alarma para la gestión de la situación de crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19.
  - [-] [-] [-] [-] Instrucción de 15 de marzo de 2020, del Ministerio de Defensa, por la que se establecen medidas para la gestión de la situación de crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19 en el ámbito del Ministerio de Defensa.
  - [-] [-] [-] [-] Orden INT/226/2020, de 15 de marzo, por la que se establecen criterios de actuación para las Fuerzas y Cuerpos de Seguridad en relación con el Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, por el que se declara el estado de alarma para la gestión de la situación de crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19.
  - [-] [-] [-] [-] Orden INT/227/2020, de 15 de marzo, en relación con las medidas que se adoptan en el ámbito de Instituciones Penitenciarias al amparo del Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, por el que se declara el estado de alarma para la gestión de la situación de crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19.
  - [-] [-] [-] [-] Orden INT/228/2020, de 15 de marzo, por la que se establecen criterios de aplicación del Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, por el que se declara el estado de alarma para la gestión de la situación de crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19, en el ámbito del Sistema Nacional de Protección Civil.
  - [-] [-] [-] [-] Orden TMA/229/2020, de 15 de marzo, por la que dictan disposiciones respecto al acceso de los transportistas profesionales a determinados servicios necesarios para facilitar el transporte de mercancías en el territorio nacional.
  - [-] [-] [-] [-] Orden TMA/230/2020, de 15 de marzo, por la que se concreta la actuación de las autoridades autonómicas y locales respecto de la fijación de servicios de transporte público de su titularidad.
  - [-] [-] [-] [-] Orden TMA/231/2020, de 15 de marzo, por la que se determina la

## Concello de Palas de Rei

Avda. de Compostela, 28, Palas de Rei. 27200 (Lugo). Tfno. 982380001. Fax: 982374015



Cod. Validación: 5P7NGYMINSP3RFHCWS7L9F42XW | Corrección: <https://palasderei.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 19



## Concello de Palas de Rei

obligación de disponer mensajes obligatorios en los sistemas de venta de billetes online de todas las compañías marítimas, aéreas y de transporte terrestre, así como cualquier otra persona, física o jurídica, que intervenga en la comercialización de los billetes que habiliten para realizar un trayecto con origen y/o destino en el territorio español.

⇒ ⇒ Orden SND/232/2020, de 15 de marzo, por la que se adoptan medidas en materia de recursos humanos y medios para la gestión de la situación de crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19.

⇒ ⇒ Orden SND/233/2020, de 15 de marzo, por la que se establecen determinadas obligaciones de información de acuerdo con lo previsto en el Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, por el que se declara el estado de alarma para la gestión de la situación de crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19.

⇒ ⇒ Orden SND/234/2020, de 15 de marzo, sobre adopción de disposiciones y medidas de contención y remisión de información al Ministerio de Sanidad ante la situación de crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19.

⇒ Xunta de Galicia

⇒ ⇒ SOLUCIÓN do 12 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se lle da publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de marzo de 2020, polo que se aproba o Protocolo de actuación para o persoal empregado público da Administración da Xunta de Galicia en relación co coronavirus COVID-19

⇒ ⇒ SOLUCIÓN do 12 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se lle dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de marzo de 2020, polo que se adoptan as medidas preventivas en materia de saúde pública na Comunidade Autónoma de Galicia, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19

⇒ ⇒ SOLUCIÓN de 15 de marzo de 2020, de la Secretaría General Técnica de la Consellería de Presidencia, Administraciones Públicas y Justicia, por la que se da publicidad al acuerdo del Centro de Coordinación Operativa (Cecop), mediante el que se adoptan medidas preventivas en lugares de trabajo del sector público autonómico como consecuencia de la evolución epidemiológica del coronavirus COVID-19.

⇒ ⇒ SOLUCIÓN de 15 de marzo de 2020, de la Secretaría General Técnica de la Consellería de Presidencia, Administraciones Públicas y Justicia, por la que se da publicidad al Acuerdo del Centro de Coordinación Operativa de la situación de emergencia sanitaria en el territorio de la Comunidad Autónoma de Galicia, declarada por el Acuerdo del Consello de la Xunta de Galicia del día 13 de marzo de 2020, como consecuencia de la evolución de la epidemia del coronavirus COVID-19

O servizo xurídico da Secretaría municipal realizou o pertinente estudo das distintas disposicións, co obxecto de adaptar as medidas que estaban

## Concello de Palas de Rei

Avda. de Compostela, 28, Palas de Rei. 27200 (Lugo). Tfno. 982380001. Fax: 982374015



Cod. Validación: 5P7NGYMINSP3RFHCWS7L9F42XW | Corrección: <https://palasderei.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 19



## Concello de Palas de Rei

elaborándose pola vía de urxencia, para evitar contradicións ou solapamentos das decisións municipais coa regulación das Administracións públicas de ámbito territorial superior.

Realizadas as oportunas depuracións, reelaborouse o documento inicial nesta mesma data, resultando o documento de medidas definitivo que se somete á consideración do Pleno.

Como anexo á anterior proposta, achégase o documento que recolle as medidas que se propón aprobar ao Pleno e que literalmente se reproduce:





### **ANEXO Á PROPOSTA**

#### **MEDIDAS PREVENTIVAS ANTE A SITUACIÓN SANITARIA PROVOCADA POLO CORONAVIRUS. ÁREAS DE ACTUACIÓN**

##### **O. DE CARÁCTER XERAL DE INFORMATIVO.**

O Concello manterá permanentemente informada á poboación acerca das medidas, instrucións e recomendacións que se vaian adoptando ou ditando polos órganos competentes das diferentes Administracións Públicas.

A tal fin, dispoñerase da citada información nos seguintes medios:

-  Páxina web oficial: <http://www.concellopalasderei.es/>.
-  Radio municipal: Dial Frecuencia Modulada (FM) 107.8
-  Telefónica: 982 38 00 01
-  Documentos, boletíns especiais, folletos ou outros medios escritos..

##### **1. EN MATERIA DE PERSOAL E ORGANIZACIÓN MUNICIPAL.**

###### **1.1. Información e medidas preventivas**

Manterase permanentemente informado o persoal, especialmente aquel que ten contacto habitual con colectivos de risco, acerca dos hábitos hixiánicos recomendados e os protocolos establecidos polas autoridades sanitarias, segundo a evolución das medidas de contención e prevención aprobadas.

De igual modo, xa foi elaborado o documento de avaliación de prevención de riscos laborais, especificando aqueles postos de traballo que requiren Equipamento de protección individual, que se poñerá a disposición dos traballadores.

O Alcalde, co asesoramento técnico que sexa preciso, ordenará as medidas necesarias de reordenación dos espazos de traballo e o tránsito das persoas nos centros e oficinas municipais para garantir o cumprimento das medidas de prevención ditaminadas polas autoridades sanitarias.

Dispoñerase nos accesos ao concello da información referente á atención preferente mediante medios electrónicos e/ou telefónicos. Para casos excepcionais de carácter urxente que non poidan resolverse polos sistemas anteriormente citados, prevese a atención presencial excepcional, mediante concertación de cita previa.

###### **1.2. Conciliación**

No caso de que os empregados públicos do Concello de Palas de Rei teñan na súa unidade familiar membros que requiren especial atención e pola natureza das funcións propias do posto non resultara posible o tele traballo, o Alcalde dispoñerá o necesario para que poida conciliar a asistencia ao traballo coa necesaria atención ao familiar afectado.

No que se refire en concreto aos centros nos que se realizan prestacións sociais,

## Concello de Palas de Rei

Avda. de Compostela, 28, Palas de Rei. 27200 (Lugo). Tfno. 982380001. Fax: 982374015



Cod. Validación: 5P7NGYMINSP3RFHCWS7L9F42XW | Corrección: <https://palasderei.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 19



## Concello de Palas de Rei

así como as unidades que atenden servizos esenciais e infraestruturas básicas, articularanse os procedementos adecuados, que logo se precisarán, para garantir a substitución do traballador de modo que non se poña en risco a prestación do servizo.

### **1.3. Tele traballo.**

Por canto a actividade administrativa do Concello de Palas de Rei realízase practicamente ao 100 por 100 por medios electrónicos, no caso de que estime risco certo de contaxio laboral nas oficinas da Administración Xeral do Concello ou nas unidades administrativas dos Centros municipais, o Alcalde ditará as resolucións que sexan precisas no ámbito das súas competencias, para organizar a realización das funcións mediante teletraballo, implementando, no seu caso, os medios técnicos de que dispoña persoalmente o empregado no seu domicilio.

Considerando o alto nivel de implantación da Administración electrónica neste Concello estímase suficiente a asignación dunha persoa, mediante un sistema rotativo, para a atención presencial ao público na oficina de rexistro, padrón de habitantes e información xeral.

Considérase igualmente precisa a presenza do Secretario-Interventor-Tesoureiro para garantir a seguridade xurídica na toma de decisións, así como a dispoñibilidade de fondos económicos para atender os gastos que poidan requirir situacións de emerxencia.

En canto ao persoal encargado dos servizos de mantemento das distintas infraestruturas, adoptaranse as medidas necesarias, garantindo a rotación ou substitución, tal como se describe posteriormente.

### **1.4. Sesións, reunións e outros actos de concorrencia colectiva.**

Suspéndense os actos públicos e as reunións dos órganos colexiados do Concello desde a celebración da sesión extraordinaria urxente do 16 de marzo, ata que sexa declarada a superación do estado de alarma polas autoridades competentes. Unicamente se celebrarán reunións dos órganos especialmente designados para o seguimento da crise, adoptando as medidas necesarias de distribución espacial e de hixiene recomendadas polas autoridades sanitarias.

O Alcalde ditará Decreto polo que revoca temporalmente todas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local, co obxecto de resolver aqueles procedementos cuxa demora puidera ocasionar un prexuízo irreparable ou grave aos interesados.

De prolongarse en exceso a situación de alarma e resultar precisa a adopción de acordos de carácter inaprazable cuxa competencia corresponda ao Pleno, tendo en conta que o Concello dispón da infraestrutura básica precisa, dispoñerase a dotación dos instrumentos tecnolóxicos precisos a disposición dos membros da Corporación para a realización das sesións mediante sistemas homologados de vídeo conferencia.

### **1.5. Xunta municipal de emerxencia sanitaria.**

Créase a Xunta municipal de emerxencia sanitaria, de carácter eminentemente técnico e consultiva, que presidirá o Alcalde e estará integrada polas concellería responsables das áreas de saúde, servizos sociais e educación, así como os técnicos ou asesores que se estimen precisos con especialización nas citadas áreas, así como protección civil e seguridade cidadá.

Considerando o establecido no artigo 124.3 do RD 2568/1986, ROF, en relación co

## Concello de Palas de Rei

Avda. de Compostela, 28, Palas de Rei. 27200 (Lugo). Tfno. 982380001. Fax: 982374015



Cod. Validación: 5P7NGYMINSP3RFHCWS7L9F42XIV | Corrección: <https://palasderei.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 19





## Concello de Palas de Rei

artigo 68.4 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, o Pleno acorda crear como Comisión Informativa Especial a denominada Xunta Municipal de Emerxencia Sanitaria COVID-19, coas seguintes características:

tará presidida polo Alcalde e integrada polos seguintes membros con carácter decisivo:

concelleira responsable da área social ou concelleira/o que a substitúa

concelleiro responsable de obras e servizos ou concelleira/o que a substitúa

portavoz do grupo municipal socialista ou persoas do seu grupo que o substitúan

itarase a participar na citada comisión en calidade de asesores ou expertos:

rsoal dos servizos sanitarios municipais

sponsables de Protección civil

licía Local

arda Civil

utros que se consideren adecuados en función dos asuntos que deban abordarse ou decisións que deban propoñerse.

Comisión celebrará reunión sempre que sexa preciso mediante convocatoria que poderá ser telemática ou simplemente telefónica, para estudar e informar ao Alcalde de medidas concretas que deben ser abordadas para afrontar ou paliar os efectos da crise no municipio de Palas de Rei

mandato do citado órgano durará ata que se declare superado o estado de alarma, podendo reactivarse por acordo do Pleno de estimarse necesario.

tuará como Secretario da Comisión o Secretario da Corporación ou funcionario que legalmente o substitúa.

### 1.6. Delegación transitoria de competencias.

En harmonía coa suspensión transitoria das sesións e para o suposto de que resultara inaprazable a adopción de medidas de competencia plenaria, considérase imprescindible a súa delegación no Alcalde, como órgano unipersonal que podería executalas coa eficacia requirida

De acordo co previsto no apartado 4 do artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril,

## Concello de Palas de Rei

Avda. de Compostela, 28, Palas de Rei. 27200 (Lugo). Tfno. 982380001. Fax: 982374015



Cod. Validación: 5P7NGYMINSP3RFHCWS7L9F42XW | Corrección: <https://palasderei.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 19



## Concello de Palas de Rei

reguladora das Bases do Réxime Local, o Pleno delega no Alcalde as competencias que se describen nos seguintes parágrafos do apartado 2 do expresado artigo (literal):

j) *El ejercicio de acciones judiciales y administrativas y la defensa de la corporación en materias de competencia plenaria.*

k) *La declaración de lesividad de los actos del Ayuntamiento.*

m) *La concertación de las operaciones de crédito cuya cuantía acumulada, dentro de cada ejercicio económico, exceda del 10 por ciento de los recursos ordinarios del Presupuesto --salvo las de tesorería, que le corresponderán cuando el importe acumulado de las operaciones vivas en cada momento supere el 15 por ciento de los ingresos corrientes liquidados en el ejercicio anterior-- todo ello de conformidad con lo dispuesto en la [Ley Reguladora de las Haciendas Locales](#) .*

ñ) *La aprobación de los proyectos de obras y servicios cuando sea competente para su contratación o concesión, y cuando aún no estén previstos en los presupuestos.*

q) *Las demás que expresamente le confieran las leyes.*

Este acordo entrará en vigor o mesmo día da súa adopción, sen prexuízo da súa publicación no BOP.

### **2. MEDIDAS EN MATERIA DE PRESTACIÓNS SOCIAIS E DE SAÚDE.**

#### **2.1. Bolsas de emprego e asistencias técnicas para substitucións.**

O Alcalde, no ámbito das súas competencias, tramitará con carácter urxente os procesos selectivos necesarios para contar con bolsas de emprego (sen praza) de persoal de reserva para situacións de emerxencia, referidas aos seguintes servizos:

Ordeira municipal

Servizo de Axuda a domicilio.

Centro de Día.

Servizo de conservación e mantemento de infraestruturas.

Servizo de recollida de lixos.

As convocatorias realizaranse por medios áxiles mediante solicitude de currículo e acreditación de méritos, mais unha entrevista persoal e individualizada, coas medidas espaciais e hixiénicas esixidas.

Igualmente, mediante un procedemento de tramitación anticipada de gasto, tramitarase o procedemento ou procedementos de contratación necesarios para contar con asistencias técnicas profesionais que poidan resolver unha situación de emerxencia no suposto en que non se dispoña de efectivos de persoal necesarios, incluídos os das bolsas de emprego anteriormente mencionadas.

O procedemento de contratación será o de emerxencia, previsto na Lei de Contratos do Sector Público.

#### **2.2. Asistencia para a conciliación laboral.**

Nos casos en resulte estritamente necesario, unha vez avaliados polos técnicos dos servizos sociais municipais, o Concello dispoñerá o necesario para prestar o servizo de atención á infancia ou aos maiores a domicilio, ao obxecto de que os

## Concello de Palas de Rei

Avda. de Compostela, 28, Palas de Rei. 27200 (Lugo). Tfno. 982380001. Fax: 982374015



Cod. Validación: 5P7NGYMINSP3RFHCWS7L9F42XW | Corrección: <https://palasderei.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 19



## Concello de Palas de Rei

familiares poidan conciliar as súas obrigacións laborais durante o mesmo horario que se prestaba o servizo nos citados centros. O anterior, a condición de que non existan restricións sanitarias no ámbito do domicilio familiar que o impidan ou desaconsellen.

Na medida do posible, os profesionais do Centro de Día ou o persoal proveniente das bolsas de traballo a que se refire o apartado anterior, organizarán as actividades programadas, especialmente as que consisten en terapias complementarias a unha enfermidade crónica, no domicilio dos usuarios, coas proteccións individuais necesarias a tal fin.

Igualmente, poderá dispoñerse o necesario para realizar a favor dos afectados que se achen impossibilitados realización de compras ou cumprimento de deberes inescusables fora do seu domicilio.

### **2.3. Banco de alimentos.**

Con cargo ao programa de alimentos que vén desenvolvendo este Concello, adquiriranse alimentos non perecedoiros, que non requiren refrixeración nin condicións especiais de conservación mediante o sistema preferente de reserva dispoñible nos almacéns dos propios establecementos subministradores, por se fora precisa a eventual repartición a familias ou persoas do municipio máis vulnerables.

Para os efectos da adquisición considerarase unha poboación afectada similar ao índice porcentual de afectados a nivel rexional mais u 0,5 como índice ponderador. En atención á indeterminada condición persoal dos eventuais receptores, adquiriranse preferentemente alimentos que garantan baixos contidos en sal, graxas e azucres, así como unha porcentaxe que se entenda suficiente, en atención a índices estatísticos oficiais, de alimentos aptos para persoas celíacas ou con outras intolerancias alimentarias.

As listaxes de produtos a adquirir, con detalle das súas marcas, características nutricionais e prezos, serán previamente supervisados pola Xunta municipal de emerxencia sanitaria.

Para o suposto de non resultar necesaria a súa entrega, por superarse a crise sen incidencias, estas mercadorías pasarán a engrosar as dispostas para os programas sociais de alimentos, procedéndose á súa redistribución cos criterios obxectivos establecidos.

### **2.3. Transporte**

O Alcalde, en uso das competencias que legalmente lle corresponden, establecerá os contactos necesarios para negociar cos taxis e as compañías de transporte de viaxeiros que están domiciliadas ou operan no municipio de Palas de Rei condicións especiais de prezo para aquelas persoas afectadas con dificultades económicas e de mobilidade, establecendo a correspondente achega municipal para os casos de emerxencia social recoñecidos polo Departamento de Servizos Sociais.

O Concello comprométese a prestar a colaboración que sexa precisa, no que se refire a información, axuda loxística, comunicación con autoridades e, cando resulte procedente, colaboración económica, a todos aqueles veciños que se atopen en situacións de dificultade para retornar ao seu domicilio debido a circunstancias sobrevindas de prohibición ou insuperable dificultade acecidas nun país estranxeiro.

## Concello de Palas de Rei





## Concello de Palas de Rei

### 2.5. **Ámbito empresarial y laboral.**

O Concello de Palas de Rei estudará a posibilidade legal de establecer liñas de axudas complementarias e temporais para o caso de redución de ingresos por baixo do Salario Mínimo motivada directa ou indirectamente polo coronavirus, sempre que resulten compatibles coas medidas establecidas polas Administracións Públicas con competencia nesta materia.

De igual modo, e sempre que resulte compatible coa regulación estatal e autonómica, estudarase a posibilidade de establecer esas liñas de axuda para autónomos e pequenas empresas do municipio, nas mesmas condicións para paliar os inexorables gastos xerais que deben soportar durante o peche da súa actividade.

En calquera caso, estudaranse os casos que se poñan de manifesto previa convocatoria, para avaliar as posibilidades económico-financeiras e modalidades concretas de axuda que pode articular o Concello..

### 3. **MEDIDAS EN MATERIA TRIBUTARIA.**

O Concello de Palas de Rei procederá á modificación das Ordenanzas Fiscais vixentes para establecer unha exención do pago dos tributos municipais que logo se relacionan durante o período de pagamento dos mesmos coincidente coa eventual afectación da enfermidade no ámbito familiar do contribuínte.

- Tributos municipais que se modificarán:

ka por abastecemento de auga potable.

ka por sumidoiros e depuración

ka por recollida de lixos

ka polo servizo de Gardería Municipal

ka polo servizo de Centro de Día

### 4. **EN MATERIA DE POLICÍA E ORDE PÚBLICO.**

En harmonía co disposto polas autoridades estatais e autonómicas competentes, quedan suspendidos todos os actos públicos de carácter oficial, tanto en espazos pechados como en espazos abertos.

Previo ditame unánime da Xunta de Portavoces celebrada o pasado día 13 de marzo, acórdase a suspensión da Feira do Queixo da Ulloa.

Suspender as feiras que se celebran os días 7 e 19 de cada mes ata que se considere superada a emerxencia sanitaria.

Comunicar as Comisións de Festas do Concello os efectos suspensivos da regulación estatal e autonómica con respecto ás verbenas e demais actos que tradicionalmente se veñen celebrando, poñendo ao seu servizo o asesoramento necesario respecto das eventuais cancelacións ou aprazamentos dos compromisos adquiridos con terceiros.

### 5. **OUTRAS MEDIDAS COMPLEMENTARIAS.**

Facultarase ao Alcalde para establecer cantas medidas complementarias resulten necesarias, así como a modificación das anteriormente expresadas en función da evolución da epidemia e as resolucións que puideran ditar as Administracións públicas competentes, do que dará conta ao Pleno.

## Concello de Palas de Rei

Avda. de Compostela, 28, Palas de Rei. 27200 (Lugo). Tfno. 982380001. Fax: 982374015



Cod. Validación: 5P7NGYMINSP3RFHCWS7L9F42XIV | Corrección: <https://palasderei.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 19



## Concello de Palas de Rei

### Intervencións:

O grupo municipal socialista, mediante o seu portavoz, Horacio Rouco, manifesta o seu acordo coas medidas expostas e suxire que se comuniquen os efectos da normativa ás Comisións de Festas do municipio.

Incorpórase de inmediato esta proposta ao texto que recolle as medidas, anteriormente transcrito.

O portavoz do PP, Fernando Pensado, desexa destacar que o mais importante é a saúde. Os sanitarios son os mais vulnerables, pero tamén os mais necesarios para a efectividade das medidas. Cre que debe recomendarse seriamente que a xente o tome en serio e que non saia da casa sempre que poida evitalo. En outro orde de cousas considera preciso recordar a importancia de estar en permanente contacto coas persoas verdadeiramente vulnerables, poñerse en contacto con elas e preocuparse polo seu estado. Finalmente, desexa transmitir unha mensaxe de tranquilidade; é posible que os casos que dean positivo sigan aumentando nos próximos días pero en calquera caso estanse a lograr os obxectivos e de todos nós depende en gran medida o éxito. Así pois, coidémonos.

Considerando o asunto suficientemente debatido, o Alcalde somete o asunto a votación, co seguinte resultado:

Votos a favor: 10

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

Consecuentemente, declara aprobados por unanimidade os seguintes

### ACORDOS:

**PRIMEIRO. Aprobación de medidas.** Aprobar as medidas preventivas ante a situación sanitaria provocada polo coronavirus COVID-19 que se achegan como anexo á proposta do Alcalde de 13 de marzo de 2020 e complementaria de 16 de marzo de 2020 e se reproducen literalmente na parte expositiva do presente acordo.

**SEGUNDO. Suspensión de actos, sesión e reunións.** Suspende a celebración de actos públicos, sesións e reunións dos órganos colexiados do Concello de Palas de Rei, con excepción da Comisión Especial que se creará para a crise, desde esta mesma data ata que se consideren superados os riscos da epidemia polas autoridades sanitarias.

**TERCEIRO. Creación dunha Comisión Especial.** Considerando o establecido no artigo 124.3 do RD 2568/1986, ROF, en relación co artigo 68.4 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, o Pleno acorda crear como Comisión Informativa Especial a denominada **Xunta Municipal de Emerxencia Sanitaria COVID-19**, coas seguintes características:

tará presidida polo Alcalde e integrada polos seguintes membros con carácter decisorio:

concelleira responsable da área social ou concelleira/o que a substitúa

concelleiro responsable de obras e servizos ou concelleira/o que a substitúa

## Concello de Palas de Rei

Avda. de Compostela, 28, Palas de Rei. 27200 (Lugo). Tfno. 982380001. Fax: 982374015





## Concello de Palas de Rei

portavoz do grupo municipal socialista ou persoas do seu grupo que o substitúan

ditarase a participar na citada comisión en calidade de asesores ou expertos:

persoal dos servizos sanitarios municipais

responsables de Protección civil

Policía Local

Garda Civil

outros que se consideren adecuados en función dos asuntos que deban abordarse ou decisións que deban propoñerse.

Comisión celebrará reunión sempre que sexa preciso mediante convocatoria que poderá ser telemática ou simplemente telefónica, para estudar e informar ao Alcalde de medidas concretas que deben ser abordadas para afrontar ou paliar os efectos da crise no municipio de Palas de Rei

mandato do citado órgano durará ata que se declare superado o estado de alarma, podendo reactivarse por acordo do Pleno de estimarse necesario.

tuará como Secretario da Comisión o Secretario da Corporación ou funcionario que legalmente o substitúa.

**CUARTO. Delegación transitoria de competencias.** De acordo co previsto no apartado 4 do artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o Pleno delega no Alcalde as competencias que se describen nos seguintes parágrafos do apartado 2 do expresado artigo, literalmente:

*j) El ejercicio de acciones judiciales y administrativas y la defensa de la corporación en materias de competencia plenaria.*

*k) La declaración de lesividad de los actos del Ayuntamiento.*

*m) La concertación de las operaciones de crédito cuya cuantía acumulada, dentro de cada ejercicio económico, exceda del 10 por ciento de los recursos ordinarios del Presupuesto --salvo las de tesorería, que le corresponderán cuando el importe acumulado de las operaciones vivas en cada momento supere el 15 por ciento de los ingresos corrientes liquidados en el ejercicio anterior-- todo ello de conformidad con lo dispuesto en la [Ley Reguladora de las Haciendas Locales](#) .*

*ñ) La aprobación de los proyectos de obras y servicios cuando sea competente para su contratación o concesión, y cuando aún no estén previstos en los presupuestos.*

*q) Las demás que expresamente le confieran las leyes.*

En cumprimento do preceptuado polo artigo 9.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, publicarase esta resolución no Boletín

## Concello de Palas de Rei

Avda. de Compostela, 28, Palas de Rei. 27200 (Lugo). Tfno. 982380001. Fax: 982374015





## Concello de Palas de Rei

Oficial da Provincia de Lugo, cursando efecto a partir do día seguinte ao da súa adopción.

### **QUINTO. Modificación de ordenanzas fiscais.**

#### **1. Modificación da Ordenanza Fiscal Nº 15, reguladora da taxa por recollida de lixo e residuos sólidos urbanos.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO. Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza Fiscal Nº 15, reguladora da taxa por recollida de lixo e residuos sólidos urbanos, nos termos seguintes:

Introdúcese unha Disposición Adicional, co seguinte teor literal:

Disposición Adicional Primeira. Exencións en caso de catástrofe ou de infortunios públicos.

Cando se produzan situacións catastróficas ou infortunios públicos, previo recoñecemento da situación de emerxencia polo Pleno, os afectados quedarán exentos do pago da taxa no período ou períodos de cobranza correspondentes en tanto perdure a situación de emerxencia.

O Alcalde será competente para establecer o procedemento abreviado, prazos de solicitude e resolución dos expedientes.

Cando existiran concesións ou contratos de servizo, comunicarase ás empresas adjudicatarias para que non efectúen as facturacións, asumindo o pago o concello en concepto de subvención co obxecto de garantir o equilibrio económico da prestación.

SEGUNDO. Publicar a aprobación provisional e exposición do expediente no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e formular as reclamacións que estimen oportunas.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello.

TERCEIRO. Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, de conformidade co establecido no artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

#### **2. Modificación da Ordenanza Fiscal Nº 16, reguladora da taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO. Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza Fiscal Nº 16, reguladora da taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga, nos termos seguintes:

Introdúcese unha Disposición Adicional, co seguinte teor literal:

Disposición Adicional Primeira. Exencións en caso de catástrofe ou de infortunios públicos.

Cando se produzan situacións catastróficas ou infortunios públicos, previo recoñecemento da situación de emerxencia polo Pleno, os afectados quedarán exentos do pago da taxa no período ou períodos de cobranza correspondentes en tanto perdure a situación de emerxencia.

O Alcalde será competente para establecer o procedemento abreviado, prazos de

## Concello de Palas de Rei

Avda. de Compostela, 28, Palas de Rei. 27200 (Lugo). Tfno. 982380001. Fax: 982374015



Cod. Validación: 5P7NGYMINSP3RFHCWS7L9F42XIV | Corrección: <https://palasderei.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 19



## Concello de Palas de Rei

solicitude e resolución dos expedientes.

Cando existiran concesións ou contratos de servizo, comunicarase ás empresas adjudicatarias para que non efectúen as facturacións, asumindo o pago o concello en concepto de subvención co obxecto de garantir o equilibrio económico da prestación.

SEGUNDO. Publicar a aprobación provisional e exposición do expediente no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e formular as reclamacións que estimen oportunas.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello.

TERCEIRO. Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, de conformidade co establecido no artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

### **3. Modificación da Ordenanza Fiscal Nº 17, reguladora da taxa da rede de sumidoiros e depuración de augas residuais.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO. Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza Fiscal Nº 17, reguladora da taxa da rede de sumidoiros e depuración de augas residuais, nos termos seguintes:

Introdúcese unha Disposición Adicional, co seguinte teor literal:

Disposición Adicional Primeira. Exencións en caso de catástrofe ou de infortunios públicos.

Cando se produzan situacións catastróficas ou infortunios públicos, previo recoñecemento da situación de emerxencia polo Pleno, os afectados quedarán exentos do pago da taxa no período ou períodos de cobranza correspondentes en tanto perdure a situación de emerxencia.

O Alcalde será competente para establecer o procedemento abreviado, prazos de solicitude e resolución dos expedientes.

Cando existiran concesións ou contratos de servizo, comunicarase ás empresas adjudicatarias para que non efectúen as facturacións, asumindo o pago o concello en concepto de subvención co obxecto de garantir o equilibrio económico da prestación.

SEGUNDO. Publicar a aprobación provisional e exposición do expediente no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e formular as reclamacións que estimen oportunas.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello.

TERCEIRO. Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, de conformidade co establecido no artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

## Concello de Palas de Rei

Avda. de Compostela, 28, Palas de Rei. 27200 (Lugo). Tfno. 982380001. Fax: 982374015



Cod. Validación: 5P7NGY/MINSP3RFHCWS7L9F42XW | Corrección: <https://palasderei.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 19





## Concello de Palas de Rei

### **4. Modificación da Ordenanza Fiscal Nº 19, reguladora da taxa polo funcionamento do Centro de Día.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO. Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza Fiscal Nº 19, reguladora da taxa polo funcionamento do Centro de Día, nos termos seguintes:

A Disposición Adicional Única pasa a denominarse Disposición Adicional Primeira.

Engádesse unha disposición adicional segunda, coa seguinte redacción:

Disposición Adicional Segunda. Exencións en caso de catástrofe ou de infortunios públicos.

Cando se produzan situacións catastróficas ou infortunios públicos, previo recoñecemento da situación de emerxencia polo Pleno, os afectados quedarán exentos do pago da taxa no período ou períodos de cobranza correspondentes en tanto perdure a situación de emerxencia.

O Alcalde será competente para establecer o procedemento abreviado, prazos de solicitude e resolución dos expedientes.

Cando existiran concesións ou contratos de servizo, comunicarase ás empresas adjudicatarias para que non efectúen as facturacións, asumindo o pago o concello en concepto de subvención co obxecto de garantir o equilibrio económico da prestación.

SEGUNDO. Publicar a aprobación provisional e exposición do expediente no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e formular as reclamacións que estimen oportunas.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello.

TERCEIRO. Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, de conformidade co establecido no artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

### **5. Modificación da Ordenanza Fiscal Nº 23, reguladora da taxa polo servizo de Escola Infantil**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO. Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza Fiscal Nº 23, reguladora da taxa polo servizo de Escola Infantil, nos termos seguintes:

Introdúcese unha Disposición Adicional, co seguinte teor literal:

Disposición Adicional Primeira. Exencións en caso de catástrofe ou de infortunios públicos.

Cando se produzan situacións catastróficas ou infortunios públicos, previo recoñecemento da situación de emerxencia polo Pleno, os afectados quedarán exentos do pago da taxa no período ou períodos de cobranza correspondentes en tanto perdure a situación de emerxencia.

O Alcalde será competente para establecer o procedemento abreviado, prazos de solicitude e resolución dos expedientes.

Cando existiran concesións ou contratos de servizo, comunicarase ás empresas adjudicatarias para que non efectúen as facturacións, asumindo o pago o concello en concepto de subvención co obxecto de garantir o equilibrio económico da

## Concello de Palas de Rei

Avda. de Compostela, 28, Palas de Rei. 27200 (Lugo). Tfno. 982380001. Fax: 982374015



Cod. Validación: 5P7NGYMINSP3RFHCWS7L9F42XW | Corrección: <https://palasderei.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 19



## Concello de Palas de Rei

prestación.

SEGUNDO. Publicar a aprobación provisional e exposición do expediente no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e formular as reclamacións que estimen oportunas.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello.

TERCEIRO. Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, de conformidade co establecido no artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

### **SEXTO. Medidas de policía e orde público.**

En harmonía co disposto polas autoridades estatais e autonómicas competentes, quedan suspendidos todos os actos públicos de carácter oficial, tanto en espazos pechados como en espazos abertos.

Nomeadamente, suspéndense os seguintes actos e celebracións:

- Feira do Queixo da Ulloa.
- Feiras mensuais dos días 7 e 19 mercado de produtos en Palas de Rei.
- Festas e verbenas.

Comunicarase este acordo ás Comisións de Festas do Concello, poñendo ao seu servizo o asesoramento necesario respecto das eventuais cancelacións ou aprazamentos dos compromisos adquiridos con terceiros.

### **SÉPTIMO. Autorizacións.**

Autorízase ao Alcalde para que modifique, amplíe ou complemente as medidas extraordinarias aprobadas polo Pleno, convocando, no seu caso, a efectos de información e asistencia á Xunta Municipal de Emerxencia Sanitaria COVID-19.

Facúltase ao Alcalde tan amplamente como sexa necesario para que autorice os gastos que resulten inaprazables para afrontar situacións urxentes en relación coas medidas aprobadas, sen prexuízo do seu posterior axuste orzamentario e a ratificación das resolucións do Alcalde polo Pleno.

### **B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

Non hai asuntos

### **C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES**

## Concello de Palas de Rei

Avda. de Compostela, 28, Palas de Rei. 27200 (Lugo). Tfno. 982380001. Fax: 982374015



Cod. Validación: 5P7NGY/MINSP3RFHCWS7L9F42XIV | Corrección: <https://palasderei.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 18 a 19



## Concello de Palas de Rei

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

**Concello de Palas de Rei**

Avda. de Compostela, 28, Palas de Rei. 27200 (Lugo). Tfno. 982380001. Fax: 982374015



Cod. Validación: 5P7NGY/MNSP3RFHCWS7L9F42XIV | Corrección: <https://palasderei.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 19 a 19